



Catas de Galicia 2026

XXXVIII Cata dos Viños

Organizada pola Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, coa colaboración dos Consellos Reguladores das Denominacións de Orixe Ribeiro, Valdeorras, Rías Baixas, Monterrei e Ribeira Sacra, terá lugar, a XXXVIII Cata dos Viños de Galicia 2026, que consistirá nunha fase inicial de precata ou cata de selección e nunha cata final.

BASES DA CATA

1. Nesta cata poderán participar os viños elaborados polas adegas inscritas nos rexistros de cada unha das denominacións de orixe existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, así como os viños elaborados polas adegas produtoras de viños con indicación xeográfica protexida ("Viños da Terra") da Comunidade Autónoma de Galicia. As indicacións xeográficas protexidas son: Val do Miño-Ourense, Betanzos, Barbanza e Iria, Ribeiras do Morrazo e Terras do Navia..
2. As adegas que desexen participar cos seus viños nesta cata deberán enviar **ata o xoves 4 de xuño de 2026** o boletín de inscrición debidamente cuberto aos consellos reguladores nos que estean inscritos. Para o caso dos viños con indicación xeográfica protexida enviaranse electronicamente ao Departamento de Promoción da Calidade Alimentaria da Axencia Galega da Calidade Alimentaria ao correo electrónico catas.cmrmm@xunta.gal, solicitando sempre confirmación da recepción.

A adega elaboradora será quen se inscriba enviando o boletín de todos os viños que presente, con independencia da titularidade da marca comercial.

No caso das DDOO, cada consello regulador certificará que as adegas que se inscriban para participar neste concurso cumpren os requisitos e condicións establecidas nestas bases con anterioridade ao inicio da recollida das mostras. Para os viños con indicación xeográfica protexida, a mencionada certificación corresponderalle ao Departamento de Protección da Calidade Diferenciada.

3. Aos efectos desta cata-concurso establécense as categorías seguintes:
 - a) Denominación de Orixe Ribeira Sacra viños brancos
 - b) Denominación de Orixe Ribeira Sacra viños tintos
 - c) Denominación de Orixe Monterrei viños brancos
 - d) Denominación de Orixe Monterrei viños tintos
 - e) Denominación de Orixe Rías Baixas viños brancos
 - f) Denominación de Orixe Rías Baixas viños tintos





Catas de Galicia 2026

- g) Denominación de Orixe Valdeorras viños brancos
- h) Denominación de Orixe Valdeorras viños tintos
- i) Denominación de Orixe Ribeiro viños brancos
- j) Denominación de Orixe Ribeiro viños tintos
- k) Viños de Colleiteiro e de pequenas adegas brancos
- l) Viños de Colleiteiro e de pequenas adegas tintos
- m) Viños con Indicación Xeográfica Protexida
- n) Viños de "Variedades senlleiras"
- o) Viños de "Colleitas anteriores brancos"
- p) Viños de "Colleitas anteriores tintos"
- q) Viños de "Elaboracións con madeira brancos"
- r) Viños de "Elaboracións con madeira tintos"
- s) Viños "Espumosos"
- t) Viños "Tostados"
- u) Viños "Ecolóxicos"

Requírese un número mínimo de seis (6) mostras participantes para que exista recoñecemento co premio correspondente a cada categoría. No caso dos "Tostados" e "Ecolóxicos" o número de mostras mínimo é de dúas (2). No caso de que se inscriba o número mínimo, só se outorgará un premio.

Cando o número de solicitudes (recibidas e válidas) para concursar nunha categoría non sexa suficiente para acadar estes mínimos, estas mostras non serán recollidas. Informarase ás adegas afectadas para que teñan constancia deste feito, antes ou durante a recollida e, no caso de que se poida, darase opción a optar a outra categoría.

4. Todos os viños que se presenten á cata terán que ser da colleita do ano 2025, agás os que se presenten nas categorías "Colleitas anteriores", "Elaboracións con madeira", "Espumosos" e viños "Tostados", que poderán ser da colleita 2024 ou anteriores. Todos os viños que nalgunha fase estivesen en contacto coa madeira só poderán concursar nas categorías q) ou r), segundo proceda.

Nas categorías m) Viños con indicación xeográfica, e u) Viños ecolóxicos, poderán participar viños da colleita 2025 e da 2024.

Todas as mostras que se presenten a concurso corresponderán a marcas que se estean comercializando e deberán estar etiquetadas segundo a normativa vixente. Todas as marcas deberán contar coa autorización de uso dos distintos consellos reguladores. As marcas que se inscriban para participar nunha categoría quedarán excluídas de concursar e optar a premios noutras categorías do concurso, é dicir non poderá participar a mesma marca en diferentes categorías.

En todas as categorías, agás na t) Viños "Tostados", o tamaño das botellas da mostra será o estándar (750 ml), e non se admitirán capacidades superiores nin inferiores.

5. Non será admitido ningún participante que nos dous anos anteriores á data de presentación da solicitude fose sancionado por infracción moi grave á lexislación agroalimentaria mediante resolución firme de calquera das administracións públicas.

6. Todas as adegas participantes están obrigadas a reservar un mínimo 48 botellas das referencias premiadas para actividades promocionais promovidas pola AGACAL.

7. Para os efectos deste concurso definiranse coma:

- **“Viños de Colleiteiro e de pequenas adegas branco e tinto”** (categorías k) e l)). Viños da colleita 2025 elaborados por adegas con capacidade final de elaboración e embotellado non superior a 60.000 litros. As adegas que se inscriban para participar nalgunha destas categorías quedarán excluídas de concursar nas categorías a), b), c), d), e), f), g), h), i), j) e m) referidas no punto 3 destas bases.
- **Viños de “Colleitas anteriores”**. Viños procedentes da colleita 2024 e anteriores, e que non presenten elaboracións con madeira.
- **Viños de “Elaboracións con madeira”**. Viños nos que nalgunha das fases da súa elaboración estivesen en contacto con madeira. Admítense nesta categoría viños da colleita 2024 e anteriores que cumpran esta condición.
- **Viños “Espumosos”**. Viños que sufriran unha segunda fermentación en botella, coas especificacións definidas na normativa da denominación de orixe correspondente. Admítense nesta categoría viños da colleita 2024 e anteriores que cumpran esta condición.
- **Viños “Tostados”**. Viños naturalmente doces, nos que a uva sufrira un secado por pasificación natural coas especificacións definidas na normativa das Denominacións de Orixe correspondentes. Admítense nesta categoría viños da colleita 2024 e anteriores que cumpran esta condición.
- **Viños “Ecolóxicos”**. Viños de produción ecolóxica certificados e procedentes de adegas inscritas no rexistros do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia e nos rexistros das denominacións de orixe de viño existentes en Galicia. Colleita do 2024 e do 2025.
- **Viños de “Variedades senlleiras”**. Viños da colleita 2025 elaborados polo menos nun 75% con algunha das seguintes variedades:
 - **Variedades brancas:** Loureira, Caíño Branco, Lado, Torrontés, Dona Branca.
 - **Variedades tintas:** Merenzao, Brancellao, Sousón, Caíño Tinto, Espadeiro, Ferrón, Loureiro Tinto, Pedral, Castañal.

8. Recollida de mostras

A identificación e recollida das mostras participantes será realizada pola organización, contando no caso dos viños con DO, con apoio do persoal do consello regulador de acordo co programa que previamente se estableza.

No caso de que o viño se atope fora da comunidade autónoma, estas funcións de recollida e as comprobacións pertinentes previstas para os representantes da organización, serán acreditadas mediante acta notarial, baseándose na documentación de entrada do viño e da comprobación *in situ* dos volumes requeridos.



Catas de Galicia 2026

Para compoñer a mostra elixiranse ao chou seis botellas da partida homoxénea concursante. Un representante da organización e un representante da adega asinarán na etiqueta de cada unha das botellas recollidas. Unha das botellas da mostra quedará na adega, e as cinco restantes, unha vez envoltas na bolsa opaca, introduciranse nunhas caixas que logo se precintarán.

No exterior da caixa figurará unicamente o nome da categoría na que participa a mostra recollida. As caixas serán transportadas ata o lugar onde permanecerán depositadas e debidamente precintadas ata o momento da celebración da cata-concurso.

Da recollida de mostras levantarase a correspondente acta, na que asinarán un representante da adega e outro da organización.

As existencias mínimas en adega da partida homoxénea concursante no momento da recollida serán de **2.500 litros**, dos que cando menos **1.000 litros** deberán estar embotellados e correctamente etiquetados e contarán coa contraetiqueta do consello regulador correspondente, para a obtención da mostra que se presente ao concurso.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, no caso da categoría de "Viños de Colleiteiro e de pequenas adegas", establecida no punto 3 destas bases, as existencias mínimas na adega no momento da recollida da partida homoxénea concursante, serán de **2.500 litros**, dos que cando menos **500 litros** deberán estar embotellados e correctamente etiquetados e contarán coa contraetiqueta do consello regulador correspondente para a obtención da mostra que se presente ao concurso.

Para poder participar nas categorías de "Viños con Indicación Xeográfica Protexida, (Viños da Terra)", "Espumosos" e "Ecolóxicos" a partida homoxénea concursante contará cunhas existencias mínimas na adega de **1.250 litros** no momento da recollida das mostras e, cando menos, **250 litros** deberán estar embotellados e correctamente etiquetados para a obtención da mostra que se presente ao concurso.

Para poder participar nas categorías de "Variedades senlleiras", "Colleitas anteriores", "Elaboracións con madeira" e "Tostados", a partida homoxénea concursante deberá ter unhas existencias mínimas na adega de **500 litros** dos que un mínimo de **100 litros** deberán estar embotellados e correctamente etiquetados para a obtención da mostra que se presente ao concurso.

9. Xurado de cata e Panel de catadores

Para a supervisión da cata existirá un xurado, presidido pola dirección da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, actuando como secretario un membro do persoal da Área de Calidade Alimentaria da Axencia Galega da Calidade Alimentaria e, como vogais, ata un máximo de cinco representantes dos consellos reguladores e dous membros da dita área da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Para a cualificación dos viños contarase con varios paneis de catadores. As catas de selección dos viños das cinco denominacións de orixe serán catados por membros dos paneis de cata dos seus respectivos consellos reguladores e estarán formados por un máximo de 10 membros cada un. As catas finais e as catas das categorías multi DO serán realizadas por un panel único formado por arredor de 14 expertos en análise sensorial,

procedentes de asociacións, centros tecnolóxicos e científicos do sector vitivinícola, restauración, distribución e medios de comunicación especializados de Galicia e do resto do territorio español.

Cada un deles contará, en todo momento, co material e elementos necesarios para o desenvolvemento do seu traballo de cata.

10. Proceso de cata

O/a secretario/a e, cando menos, un dos membros do **xurado de cata** comprobarán as actas de recollida e os precintos das caixas almacenadas e procederán a numeralas de forma correlativa e por categoría. A continuación procederase á apertura das caixas, das que se extraerán dúas botellas que se numerarán co mesmo número da caixa. Cada caixa, na que quedarán tres botellas, será precintada de novo, permanecendo convenientemente custodiada.

As dúas botellas numeradas por mostra participante pasarán aos refrixeradores onde permanecerán debidamente pechadas e precintadas ata o momento de iniciarse a **cata de selección**. Se neste acto de numeración de caixas e botellas aparece algunha marca ou sinal que puidera permitir a súa identificación, a mostra sería anulada.

Os viños cataranse por cada categoría, por tipo e por series, realizándose os descansos precisos, ata a conclusión da análise sensorial das mostras.

Na avaliación das mostras empregarase o tipo de fichas oficiais aprobadas pola O.I.V.-U.I.O.E. e as súas normas de aplicación. Para a puntuación de cada viño obtérase a media das puntuacións individuais dadas polos catadores que compoñen o panel de cata, desprezando previamente as puntuacións extremas. Nos casos de empate calcularíase a mediana para determinar a mostra seleccionada. Se persistise o empate, calcularíase a media xeométrica.

O número máximo de viños seleccionados que pasarán á cata final será de seis para cada unha das categorías definidas no punto 3 destas bases.

Establecidos polo xurado os viños seleccionados nas precatas ou catas de selección, o secretario procederá a separalos outorgando aos mellores viños un novo número correlativo dentro de cada categoría e tipo, pasando a continuación aos refrixeradores, que deberán estar totalmente baleiros, e nos que, debidamente pechados e precintados, permanecerán ata a iniciación das catas finais.

As **catas finais** realizaranse seguindo as mesmas normas establecidas para as catas de selección.

Finalizada a cata-concurso, o/a secretario/a do xurado de cata procederá a identificar os viños premiados, tomando nota por escrito das marcas e adegas premiadas, e introducindo o documento cos citados datos en sobre pechado. Este sobre será aberto no momento da entrega dos premios, permanecendo mentres tanto en poder do/a secretario/a do xurado.

O xurado desta cata-concurso coidará especialmente que se conserve en todo momento o anonimato das mostras. O seu ditame nos premios será inapelable.



11. Premios: "Acios"

A entrega de premios realizarase nun acto convocado e organizado para tal fin, ao que se dotará da difusión, transcendencia e solemnidade axeitada.

O premio consistirá na entrega dun trofeo e diploma acreditativo para os viños que resulten mellor puntuados.

Nesta XXXVIII Cata dos Viños de Galicia establécense os seguintes premios:

-Acio de Ouro Mellor Viño Branco de Galicia e Acio de Ouro Mellor Viño Tinto de Galicia.

Para a selección destes dous premios realizarase unha cata final co viño branco e tinto mellor puntuado en cada denominación. (Categorías a), b), c), d), e), f), g), h), i) j), k) e l)). Nestas dúas últimas categorías só poderían participar na cata final no caso de que no momento da recollida se verificara que teñen existencia dabondo para participar en calquera das outras categorías citadas.

-Ademais para cada categoría das relacionadas no punto 3 destas bases, outorgaranse ata tres premios denominados "Acio de ouro", "Acio de prata" e "Acio de bronce" (trofeo e diploma acreditativo do posto acadado) aos viños mellor puntuados en cada categoría, coa exclusión se é o caso, dos premiados coma Mellor Branco e Mellor Tinto de Galicia.

As adegas que se inscriban para participar na categoría de "Viños de Colleiteiro e pequenas adegas" quedarán excluídas de concursar e optar a premios nas outras categorías do concurso, excepto nas de "Variedades senlleiras", "Colleitas anteriores", "Elaboracións con madeira", "Espumosos", "Tostados" e "Ecolóxicos".

12. Tódolos participantes nesta XXXVIII Cata dos Viños de Galicia comprométense a acatar as presentes bases de cata.

13. A dirección da Axencia Galega da Calidade Alimentaria ditará cantas instrucións sexan necesarias de cara ao correcto desenvolvemento desta XXXVIII edición da Cata dos Viños de Galicia.

